

ct

Índigo

de
Vanesa Sotelo

(fragmento)
en galego

Era outubro e, en Braga, emerxeu Hester. Non se chamaba Hester pero ela foi Hester desde o primeiro momento. Aquela muller estaba sentada nun café cuns enormes auriculares. Mentres escoitaba algo que só ela sabía, berraba para comunicarse co exterior: “Se non falo, afogo”, repetía. En todo o que dicía, aquela muller era tan lúcida como increíble, tan real como ficticia.

1. OS LIBROS DE HESTER: A TERRA NA BOCA

Hester no medio dunha praza cun feixe de oliveira seca nunha man e rodeada de libros.

HESTER

Eu non estou en guerra. Non estou en guerra e non marcharei. Pode que na miña boca non haxa máis que terra, pero seguirei falando porque se non me comunico, afogo. Non está escrita, pero na miña memoria está a lei que indica que este é o lugar. Elas cantaban coa boca chea de terra pero cortáronlles as raíces. A todas. A elas, que me escoitaban. Cortáronlles as raíces. Na miña boca só había terra pero elas estaban alí. Todas elas. Dispostas a escoitar. Cortáronlles as raíces. A min non me cortarán as raíces. Non deixarei que corten as miñas raíces e tampouco marcharei. Na miñá boca non haberá máis que terra pero seguirei falando porque se non me comunico, abafo. Eu non desposúo a ninguén. Todos eles, os que lles cortaron as raíces a todas as que me escoitaba, viven todo o seu tempo no corazón do medo. Cortaron as súas raíces. Unha a unha. Cortáronlles as raíces para que non se agarrasen á terra. E soterráronnos para que na nosa boca só houbese terra. Coas raíces cortadas, elas xa non podían agarrarse a ningures. Eu prometín que non deixaría nunca de falar. Prometín que non deixaría de falar aínda que a miña boca estivese chea de terra. Porque a terra que enche a miña boca é unha terra que me corresponde. Eu non deixarei de falar porque se non me comunico, afogo. Eu non estou en guerra.

“Nas escolas, nas ruas, campos, construcións/ somos todos soldados, armados ou não/ caminando e cantando e seguindo a canción/ somos todos iguais brazos dados ou não/ os amores na mente, as flores no chão/a certeza na frente, a historia na mão/ caminando e cantando e seguindo a canción/aprendendo e ensinando uma nova lição.” Foi en Braga, falando sobre música brasileira co actor Eduardo Chagas cando descubrín este “Para não dizer que não falei das flores”, de Geraldo Vandré. Tres meses despois, en São Paulo tiña a misión de entregarlle ao propio Vandré un cd con músicas de parte dun amigo común. Non puíden encontrarme con Vandré persoalmente pero si enviarlle esta escena que, naquel momento, estaba rematada.

2. BANDEIRA BRANCA

Helia B, Helia C e Herinia.

HELIA B

Eu tampouco estou en guerra. Por iso teño unha saba branca no balcón.

HERINIA

Nós só tiñamos sabas negras.

HELIA C

A avoa só tiña sabas negras.

HELIA B

A súa nai tinguíunas.

HERINIA

Se chovese, volverían ser brancas.

HELIA C

Eu nunca vin chover de verade.

HELIA B

Se chovese, medraría a herba.

HERINIA

Se chovese poderíades chorar.

HELIA C

Se chovese, poderíamos chorar.

HELIA B

Por que queres chorar?

HELIA C

Para sentir a nostalxia das flores.

HELIA B

Esperando a choiva ninguén lembra as flores.

HELIA C

Eu nunca vin flores de verdade no chan.

HERINIA

Se houbese flores de verdade no chan, chovería e poderíades chorar.

HELIA C

Se houbese flores de verdade no chan, chovería e poderíamos chorar.

HELIA B

Para que queres chorar?

HELIA C

Para sentir a nostalxia da historia.

HELIA B

Esperando a choiva ninguén lembra a historia.

HELIA C

Ninguén quere escoitar falar dela.

HERINIA

Ese é un motivo para non falar dela?

HELIA C

Eu non vou falar dela.

HERINIA

Alguén ten que facelo.

HELIA C

Eu non vou falar dela.

HERINIA

Agora só vos preocupades polo aire.

HELIA B

Eu podo falar dela. Podo falar dela porque eu non estou en guerra.

HELIA C

Non quero escoitar falar dela.

HELIA B

Podo falar dela porque eu non estou en guerra.

HERINIA

Ti non sabes nada.

HELIA C

Di que non sabes nada.

HELIA B

Soño coa guerra todos os días. Por iso teño unha saba branca no meu balcón.
Teño unha saba branca no balcón porque eu non estou en guerra. Se soñases todos os días coa guerra como eu a soño cada día, terías unha bandeira branca no teu balcón.

HERINIA

Soña coa guerra todos os días e non está en guerra?

HELIA C

Soñas con ela todos os días e non estás en guerra?

HELIA B

Soño todos os días con ela pero non me declaro en guerra. Por iso teño unha saba branca no meu balcón.

HERINIA

Ti non sabes nada. Se vivises naquel tempo, estarías morta.

HELIA C

Di que se vivises naquel tempo, estarías morta. Terías morto de fame. Soñar unha guerra non é vivila.

HELIA B

Eu coñezo todas as guerras. Ela, non.

HERINIA

O que sabes, sabédelo porque volo contaron.

HELIA C

Eu non sei nada.

HELIA B

Que é o que non sabes?

HELIA C

Di que as cousas que sabemos, sabémolas porque nolas contaron.

HELIA B

Sabémolas porque outras as viviron. Temos todas esas imaxes na memoria.

HELIA C

O que sabes, sábelo porque nolo aprenderon.

HELIA B

Seino porque a miña avoa o viviu e mo contou.

HERINIA

(*A Helia C.*) Necesito que me contes esa historia, Helia. Necesito saber a historia da miña nai.

HELIA C

Eu non quero contar esa historia. Esa historia está chea de sangue. Eu non quero sangue na miña memoria.

HERINIA

Ese é motivo para non falar dela?

HELIA C

Non quero contar a historia de ninguén. Eu non sangro.

HERINIA

Non podes escoller. Tes a memoria chea de sangue.

HELIA C

Teño a memoria chea de sangue pero eu non sangro.

HELIA B

A nai da avoa deixou de sangrar durante os tres anos que durou a guerra.

HERINIA

Foi pola fame.

HELIA C

Foi pola fame.

HELIA B

Deixou escrito que unha muller non pode querer ser nai durante a guerra. Non foi pola fame, foi porque non quería que nacesse nada do seu corpo. Máis tarde, naceu Herinia.

HELIA C

Eu non teño bandeiras brancas no meu balcón. Por iso tampouco sangro. Por iso, declárome en guerra.

HELIA B

Deixa de arrincar a pel das mans.

HERINIA

Para de magoarte. Ninguén pode arrincar as liñas das mans.

HELIA C

Non soño. Non soño para non lembrar ningunha guerra. Cada día, espero de pé, esperta, durante a noite. Como a bisavoa. Non quero ter que contar esa historia.

Helia C retira as vendas que protexen as súas mans.

HELIA B

Onde están as vendas?

HELIA C

Trae a túa bandeira. Unha bandeira branca tamén debe servir para curar feridas.

HELIA B

Eu non estou en guerra.

HELIA C

Eu si. Por iso non sangro. Por iso non teño unha bandeira branca no balcón. Por iso fago que se consuman todas as bandeiras ata que chegue a paz, o aire e a choiva.

HERINIA

Se chovese, volverían as flores. Pero xa non hai flores, nin certezas, nin amor, nin historia.

HELIA C

Eu non vou contar esa historia. Eu só quero contar a miña propia historia. Pero eu non teño historia. Porque eu nunca me movín aquí. A miña historia é a decepción. Por iso non teño sabas brancas no balcón. Por iso eu estou en guerra.